

PARTE II

DIMENSIÓN EMPÍRICA E ESTUDIO SECTORIAL

CAPÍTULO 3

A educación primaria no mundo actual

1. Introducción

Esta segunda parte do estudio constitúe unha continuidade con respecto á anterior. O repaso pola situación da educación primaria en Europa e a revisión da educación primaria en Galicia, a súa implantación e organización actual, complétase agora co estudio empírico no que se recollen as opinións dos directivos, profesorado, familias e alumnado respecto á educación primaria en ámbitos tan importantes como as funcións docentes, os recursos, as dependencias e os servicios dos centros, a metodoloxía docente e actividades, a participación e colaboración, a formación do profesorado, a convivencia, o funcionamento do centro, a avaliación...

Nos capítulos que integran esta parte do informe descríbense, compáranse e analízanse estes aspectos, coa finalidade de comprender cal é o estado desta etapa educativa desde a perspectiva que os propios implicados nos ofrecen.

2. Obxectivos

Os obxectivos que nos propoñemos acadar nesta parte do informe son basicamente dous:

- Recoller as opinións de directivos, profesorado, familias e alumnado sobre aspectos fundamentais da educación primaria en Galicia.
- Describir a situación actual e o funcionamento dos centros de educación primaria na nosa comunidade autónoma.

3. Variables

Tendo en conta que a educación primaria comprende o período dos 6 ós 12 anos, para levar a cabo este estudio era necesario atender a aspectos moi diversos, tales como: estrutura institucional, recursos do centro e o seu funcionamento, servicios, agrupamentos, organización dos espazos,...e todo isto desde un punto de vista múltiple, é dicir, a partir da visión dos principais implicados: directivos, profesorado, familias e alumnado. Así pois, no estudio atendemos a distintas variables que agrupamos arredor de tres dimensións:

3.1. Variables de contexto desta etapa educativa

O informe sobre desta etapa educativa non é posible sen un coñecemento do marco social de referencia da institución pública ou privada. Este proceso de contextualización ten en conta información referida tanto á escola como ó ambiente familiar, e atende, cando menos, ás seguintes variables: provincia, tipo de centro e titularidade deste, posibilidades que ofrece o contorno, colaboración con outras entidades e institucións do contorno e dispoñibilidade de recursos e espazos para o estudio no medio familiar.

3.2. Variables sobre a docencia

Recóllense aquí variables relacionadas co proceso de ensino-aprendizaxe no seu sentido máis amplo: proxecto educativo de centro e proxecto curricular de etapa, agrupamento, plano docente e grao en que se executa e cumpre, mecanismos de coordinación, avaliación, niveis de información, actividades extraescolares e complementarias, seminarios e relacións con outros centros.

3.3. Variables relativas á infraestrutura

Esta dimensión fai referencia a aquelas variables que permiten facer un cadro máis amplo dos propios centros educativos e da súa dotación e recursos, así como do seu uso. As variables máis relevantes neste bloque son as referidas ós recursos, medios, materias e apoio didáctico, tipos de aulas e servicios complementarios (comedor e transporte).

4. Mostra

A mostra quedou constituída por 100 centros de educación primaria da Comunidade Autónoma de Galicia. Na súa selección dos mesmos seguimos como técnica a mostraxe estratificada, considerando a distribución de todos os centros de Educación Primaria de Galicia segundo as distintas zonas educativas e o tipo de centro contemplando ademais a outras variables de interese co fin de acadar a maior representatividade posible da mostra elixida.

Así pois, tendo en conta os distintos tipos de centros de educación primaria, a titularidade súa, a zona educativa onde se sitúan, a provincia á que per-

tencen, as unidades coas que contan e o tipo de xornada que seguen, os centros que abarca o estudio distribúense como segue:

- Tipo de centro (Véxase Anexo 2.1)
- Titularidade do centro (Véxase Anexo 2.1)
- Zona educativa do centro (Véxase Anexo 2.2)
- Unidades do centro (Véxase Anexo 2.3)
- Xornada do centro (Véxase Anexo 2.4)

En cada un dos 100 centros participantes na investigación, constituíronse os grupos de estudio formados polo colectivo de alumnos e alumnas de 6º curso de primaria, os seus pais e nais, o profesorado de educación primaria dos centros da mostra e os directores e directoras ou membros do equipo directivos destes.



5. Instrumentos

Para a recollida de información utilizamos como instrumento o cuestionario. Concretamente, elaboramos catro cuestionarios para recoller as opinións dos sectores implicados no estudio: directivos, profesorado, familias e alumnado. Neles incluímos algunhas cuestións comúns coa finalidade de poder establecer similitudes e diferencias, e tamén cuestións diferenciadas que permitiran amosar opinións sobre aspectos particulares e máis propios de cada un dos colectivos.

- Cuestionario para alumnos/as

Con el pretendiamos achegarnos ás opinións dos alumnos e alumnas de 6º de educación primaria sobre algunhas cuestións e características fundamentais do centro escolar onde cursan os seus estudos primarios.

Este cuestionario está integrado por dúas preguntas abertas (33 e 34) nas que os alumnos e alumnas poden facer unha valoración global dos aspectos que na súa opinión contribúen ou dificultan o bo funcionamento do seu centro. Nas 32 cuestións restantes, para contestar, os suxeitos debían escribir a resposta que procedía ou poñer un X no cadro correspondente á opción elixida.

Os ítems do cuestionario para alumnos e alumnas agrúpanse nos seguintes bloques de contido:

- Un primeiro bloque de identificación persoal (ítems 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8 e 9).
- Un segundo bloque referido ó uso do idioma (ítems 10 e 11).
- Un terceiro bloque relacionado coas estruturas e servicios do centro (ítems 15, 29, 30, 31 e 32).
- Un cuarto bloque que se ocupa da convivencia na escola (ítems 12,19 e 20).
- Un quinto bloque sobre cuestións que fan referencia á metodoloxía docente (ítems 13,14,16, 21, 22, 23, 24, 25, 26 e 28).
- E, finalmente, un sexto bloque dedicado á valoración da disposición de espazos e material de consulta no fogar e á axuda recibida para realizar as tarefas escolares (ítems 17,18 e 27).

- Cuestionario para profesores/as

Con este cuestionario, intentamos aproximarnos ás opinións que teñen os profesores e profesoras sobre o ensino e o centro educativo onde exercen a súa actividade docente. De xeito similar nos outros cuestionarios, os suxeitos debían indicar a resposta que procedía ou sinalar cunha aspa o recadro elixido.

O número total de cuestións formuladas ó profesorado é de 31. Nas dúas últimas, isto é, na 30 e 31, os profesores e profesoras debían indicar os factores que, na súa opinión, contribúen ó bo funcionamento do centro, ou ben, dificultan unha axeitada marcha deste. As restantes cuestións agrúpámolas nos seguintes bloques de contido:

- Un primeiro bloque que se ocupa dos datos de identificación persoal (ítems 1 ó 14).
- Un segundo bloque referido ó uso do idioma que emprega nas clases (ítem 15).
- O terceiro bloque recolle cuestións relacionadas cos servicios, as dependencias e os recursos cos que conta o centro (ítems 18,19, 20, 21,e 22).
- O cuarto bloque atende á metodoloxía docente e o funcionamento do centro (ítems 16,17, 26 e 27).
- O quinto bloque ocúpase de aspectos que atinxen o proceso de avaliación (ítems 23, 24, e 25).
- Un sexto bloque dedicado á atención das necesidades educativas especiais (ítem 28).
- O último dos bloques, sétimo, corresponde á formación continua do profesorado (ítem 29).

- Cuestionario para equipos directivos

O cuestionario dirixido ós membros dos equipos directivos dos centros escolares tiña como obxectivo recabar a maior información posible dos responsables da dirección das escolas de ensino primario sobre os aspectos clave de funcionamento do centro educativo.

As 32 cuestións formuladas a este colectivo agrupámonas en diversos bloques de contido. Así, podemos falar de 6 bloques ou áreas, a saber:

- Un primeiro que aglutina datos de identificación que permiten elaborar un perfil dos centros e dos seus equipos directivos (ítems 1,2,3,4,5,6,7,8 e 25).
- Un segundo referido ó uso do idioma no contorno (ítem 9).
- Un terceiro dedicado ós recursos, dependencias e servicios cos que conta o centro ou no seu caso o barrio ou concello no que está asentado (ítems 10,11, 15, 16, 17 e 18).
- Un cuarto centrado no funcionamento do centro, e actividades dirixidas á comunidade escolar (ítems 12,13,14, 20, 21,22, 28, 29 e 30).
- Un quinto sobre avaliación e promoción do alumnado (ítems 19, 26 e 27).

- Un sexto e último bloque centrado na participación e colaboración das familias (ítems 23 e 24).

- Cuestionario para pais/nais/titores e titoras legais

Tiña por finalidade recoller o parecer das familias sobre determinadas cuestións, relacionadas co ensino que reciben os seus fillos, co funcionamento do centro escolar así como con outros aspectos que atinxen directamente as actividades de ensino-aprendizaxe do alumnado de educación primaria.

O cuestionario consta de 34 ítems, nos que os pais e nais debían marcar cun X a opción considerada oportuna, ou ben elixir, nunha escala tipo Likert, a alternativa desexada. Incluíronse asemade, dous ítems abertos (35 e 36) nos que os proxenitores sinalaban aqueles aspectos que, na súa opinión, son indicadores do bo funcionamento do centro escolar e aqueles que, pola contra, son elementos que dificultan a súa marcha.

As preguntas agrupáronse nos seguintes bloques de contido:

- Un primeiro bloque que se ocupa de aspectos de identificación persoal que permitiron facer un perfil dos pais/nais/titores e titoras legais enquisados. (ítems 1 ó 13, 15,16,17,18,19 e 21).
- Un segundo bloque referido ó uso do idioma no medio familiar (ítem 14).
- Un terceiro bloque dedicado ós recursos, dependencias e servizos do centro (ítems 20, 22,25 e 26).
- Un cuarto bloque centrado no funcionamento do centro e as actividades realizadas neste (ítems 24,27,28,32,33,34).
- Un quinto bloque no que se analiza a participación dos pais/nais/titores e titoras legais no centro escolar (ítems 23 e 29).
- Un sexto e último bloque no que se indaga sobre a dispoñibilidade de espazos e material de estudo no fogar (ítems 30 e 31).

6. Procedemento de recollida de información

O proceso de recollida de información planificouse do seguinte xeito:

- a) Unha vez seleccionada a mostra e elaborados os cuestionarios procedemos a enviar unha carta ós delegados de educación da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria das catro provincias galegas para informalos da realización do estudo e da recollida de datos nos centros seleccionados e, pola súa vez, informarán ó Servicio de Inspección de Educación Provincial.
- b) Enviamos ás direccións dos centros de ensino primario que constituían a mostra unha carta comunicando as datas nas que se procedería á aplicación de cuestionarios.
- c) Os inspectores das distintas zonas educativas representados na mostra de centros recibiron tamén unha comunicación escrita coas datas nas que se acudiría ós centros para a recollida de información.
- d) Designouse un coordinador por provincia, responsable da selección dos enquisadores e de que o proceso de recollida de información se desenvolvese axeitadamente na súa provincia. Os coordinadores recibiron instrucións pertinentes para levar a cabo a recollida de datos, que despois lles transmitiron ós enquisadores. Na cidade de Santiago de Compostela, foi o propio ICE o responsable da organización das tarefas de aplicación de cuestionarios e recollida de datos.
- e) Unha vez seleccionados os enquisadores, remitiuse a cada provincia a documentación precisa para a aplicación dos cuestionarios, onde constaban as instrucións e as credenciais que os enquisadores deberían levar consigo cando se presentasen nos centros.
- f) Establecéronse as datas nas que se procedería á aplicación dos cuestionarios en todos os centros . Así :
 - O 13 de maio deberían recibir en tódalas coordinacións das provincias os cuestionarios.
 - Do 18 ó 25 de maio de 1999 aplícanse os cuestionarios nos centros.
 - Do 25 ó 28, os centros remiten os cuestionarios de pais, nais, profesores, profesoras e directivos ou son recollidos polos enquisadores nos propios centros.
 - Do 28 ó 4 de maio envíanse tódolos cuestionarios ó ICE.

7. Análise de datos

Na análise de datos combinamos os procedementos cuantitativos e cualitativos. A maior parte dos datos recollidos a través dos cuestionarios foron analizados de xeito estatístico, usando o paquete SPSS, aínda que tamén nos servimos da análise cualitativa para tratar algunhas cuestións incluídas nos cuestionarios.

O tratamento estatístico de datos concrétase en dúas fases:

1. *Fase descritiva* das respostas emitidas polos distintos sectores estudados ós ítems dos cuestionarios. A maior parte dos datos que corresponden a esta fase preséntanse en termos de porcentaxes e frecuencias e recóllense en gráficos que facilitan a súa lectura e comprensión dos mesmos;
2. *Fase comparativa* na que se realizan comparacións das respostas emitidas polos distintos sectores en relación con diversas variables. Os datos correspondentes a esas comparacións recóllense en táboas que expresan os resultados cuantitativos e a súa significación estatística, obtidos mediante a aplicación de probas estatísticas como a “Análise de Varianza” ou a “Proba de Chi Cadrado”.

A lectura desas táboas permite coñecer se as opinións emitidas, como por exemplo, polo alumnado de distintos centros, poden considerarse iguais ou non. Dado o carácter máis técnico desta análise cómpre neste punto expoñer cómo o lector debe interpretar os resultados que se recollen nesas táboas.

Así, a proba de chi cadrado empregámola cando queremos comprobar se as diferencias que apreciamos na distribución das respostas dos suxeitos nas distintas categorías nas que se divide a variable obxecto de estudio son reais e, polo tanto, significativas dende o punto de vista estatístico, isto é, se van máis alá dos límites esperables por azar, ou non, e, polo tanto, non deben ser tidas en conta. Por exemplo, imos comprobar se os alumnos e alumnas dos centros públicos, privados e privados concertados difiren, entre eles, no idioma que usan con maior frecuencia cos seus compañeiros e compañeiras (galego, castelán, outros).

*Comparación do idioma falado cos
compañeiros e compañeiras segundo a titularidade do centro*

	Valor	gl	Sig. Asint. (bilateral)
Chi-cadrado de Pearson	363,171	2	,000
N de casos válidos	2102		

Efectuada a análise estatística e, á vista dos resultados obtidos, estaríamos en condicións de dicir que existen diferencias no idioma que usan os alumnos e alumnas dos centros públicos, privados e privados concertados cos seus compañeiros e compañeiras, xa que o valor de probabilidade (.000) é menor que 0.05.

A análise de varianza (proba F) é similar. Permite saber se as medias obtidas polos distintos grupos na variable obxecto de estudio son diferentes ou non e, en caso de selo, comprobar se esas diferencias, aínda que sexan mínimas, podemos telas en conta ou, pola contra, consideralas produto do azar ou outras causas alleas a aquilo que se estudia. Supoñamos que queremos coñecer se a valoración que fai o profesorado de centros públicos, privados ou privados concertados, sobre o transporte escolar é igual ou diferente, dende o punto de vista estatístico.

*Comparación do funcionamento do transporte escolar
entre os centros públicos, privados e privados concertados*

	Suma de cadrados	gl	Media cuadrática	F	Sig.
Inter-grupo	64,213	2	32,106	10,112	,000
Intra-grupos	2841,770	895	3,175		
Total	2905,982	897			

Unha vez realizada a análise de varianza, comprobamos que a valoración que fan os profesores e profesoras dos centros públicos, privados e privados concertados sobre o transporte escolar é diferente, posto que o valor de probabilidade (.000) é menor que 0.05.

Por último, a “Proba de Sheffé” emprégase como complemento da anterior (F) e permítenos realizar comparacións múltiples. Cando dicimos que o valor de F é estatisticamente significativo, estamos afirmando que existen diferencias entre os grupos. Agora ben, se estamos comparando máis de dous grupos, non sabemos con exactitude entre qué grupos se producen tales diferencias. Ó comparar as medias de todos os grupos que interveñen na análise entre si, mediante esta proba estatística, sabemos exactamente entre qué par de grupos a diferenza é real e entre cáles non o é.

Comparación das medias dos centros públicos, privados e privados concertados na valoración do funcionamento do transporte escolar

MEDIAS	<i>Centro Público</i> 22,5075	<i>Centro Privado</i> 40,0000	<i>Centro Privado Concertado</i> 33,0556
<i>Centro Público</i> 22,5075	-----	17,4925* (P=.000*)	10,5481* (P=.000*)
<i>Centro Privado</i> 40,0000	17,4925* (P=.000*)	-----	6,9444 (P=.225)
<i>Centro Privado Concertado</i> 33,0556	10,5481* (P=.000*)	6,9444 (P=.225)	-----

As diferencias son significativas cunha probabilidade menor que 0.05

Así, seguindo o caso anterior, as diferencias prodúcense entre os centros públicos e os privados e privados concertados; o profesorado dos centros privados fai unha valoración media do transporte superior á dos centros públicos; tamén a valoración media que fan os profesores e profesoras dos centros privados concertados sobre o transporte é superior á que fan os profesores e profesoras dos centros públicos; pola contra, a valoración media que do transporte escolar fai o profesorado dos centros privados e privados concertados, aínda que non é exactamente igual (40.0000 e 33.0556, respectivamente), estatisticamente non é significativa.